

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 17 DE AGOSTO DE 2011

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezasete de agosto deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde en funcións, DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ (incorpórase á sesión no punto número 11/565 da orde do día), DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPESO GARCÍA, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO (incorpórase á sesión no punto número 11/565 da orde do día) e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbanse as actas das sesións ordinaria e extraordinaria da Xunta de Goberno Local, correspondente aos días 10 e 11 de agosto de 2011, respectivamente.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a licenza municipal de instalación e apertura da actividade de almacén e venda por xunto de produtos de alimentación e droguería na rúa da Agricultura parcela 111-112, subparcela P2.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para parcelamento da parcela matriz sita no polígono 490, parcela 142, en San Vicente de Coeo, cunha superficie de 16.969,29 m² da que se segregan 5.600,00 m²; para parcelamento da parcela matriz sita no polígono 186, parcela 168, en Vilaestévez-San Xoán do Alto, cunha superficie de 15.472 m², da que se segregan 7.735 m²; para demolición da edificación sita na rúa Serra Gañidoira, número 50; para construír un entresollado vinculado á planta baixa e obras de reforma e acondicionamento de local para centro de ensino, na edificación sita na rúa Tui, número 24 e para construír unha piscina descuberta vinculada ao uso residencial da vivenda unifamiliar construída coa licenza de obra número 214/06, sita no núcleo rural tradicional de Alta-Matelo, parroquia de Santa María Alta.

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refº: 11extractoxg39.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17-8-2011

Acórdase exceptuar do cumprimento das condicións NHV-2010, normas de habitabilidade de vivendas de Galicia 2010, reguladas polo Decreto 29/2010, do 4 de marzo, nos parágrafos: I.B.3.1.2 ámbito interior e I.B.3.1.3, solicitada para a actuación de instalación de ascensor no edificio existente, sito na rúa Alexandre Bóveda, número 53.

Tamén se acorda a licenza de primeira utilización para o edificio sito na rúa Venancio Senra, número 66, con licenzas de obra números 312/96 e 595/96.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acórdase a autorización para realización de servizos extraordinarios por persoal adscrito á Casa da Muller e da aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a ampliación do prazo de execución na contratación das obras de construción dun edificio dotacional destinado a Policía local e Protección civil.

Acórdase a aprobación do proxecto modificado de obras de construción dun edificio destinado a biblioteca municipal no barrio da Piringalla en Lugo e a súa adxudicación.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

-Acórdase a delegación de competencias no expediente de contratación do servizo de mantemento, conservación e explotación dos sistemas de control do tráfico do Concello de Lugo.

Lugo, 17 de agosto de 2011
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García